

PROXECTO DE INNOVACIÓN
EN
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO 2007 - 2008

CEIP ISIDORA RIESTRA

AVDA. A SECA. POIO

PONTEVEDRA

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

SITUACIÓN SOCIOLÍNGÜÍSTICA

O Concello de Poio, ao igual ca outros concellos, ten entre os maiores como lingua vehicular habitual o galego; esta vai baixando en porcentaxe de fala co descenso na idade, chegando a porcentaxes pequenas nas primeiras idades.

Aínda persisten moitos prexuízos e por isto son maioría os que lles falan en castelán aos fillos.

Na maioría dos pais e nais, a lingua galega evítase (**lingua oculta**) unha vez que se sae da casa, se deixa de estar cos veciños máis próximos ou cando se **chega á escola**.

DATOS APROXIMADOS DO USO DA LINGUA

*** PROFESORADO (curso 2006 – 2007):**

TODO EN GALEGO (COMO LINGUA VEHICULAR): 3 de 23 (8%)

CONTESTA EN GALEGO SE LLE FALAN EN GALEGO: 75%

*** ALUMNADO QUE FALA GALEGO**

NA ESCOLA ENTRE ELES: 4-5%

NA CASA: 30 a 40%

MATERIAS OU TEMPO QUE SE IMPARTE GALEGO NA ESCOLA

INFANTIL

3 anos: 90 minutos diarios

4 anos: 50%

5 anos: case todo en galego

PRIMARIA

GALEGO

COÑECEMENTO

MATEMÁTICAS

E. FÍSICA (2.º e 3.º ciclo)

OBXECTIVOS A LONGO PRAZO

- Utilizar preferentemente o galego como lingua vehicular.
- Dominar as ferramentas informáticas como necesidade de traballo actual e de futuro.
- Crear os suficientes recursos informáticos (CD, DV, arquivos, xogos etc.) para que a cultura da zona sexa de fácil acceso para todos os usuarios que o soliciten.
- Colgar todos os recursos na rede (internet).

OBXECTIVOS A CURTO OU MEDIO PRAZO

- Crear un grupo de traballo estable, onde se fagan actividades.
- Concienciar toda a comunidade educativa da necesidade de falar a nosa lingua para que siga sendo unha lingua viva.
- Facer fincapé na importancia e na obriga da oralidade entre os alumnado nas clases onde as materias están programadas en galego.
- Darlle a mesma importancia á lingua galega ca ao castelán ou, en todo caso, ao revés do que se fai habitualmente, pois necesita de máis axuda o galego para acadar algún dos obxectivos do Plan xeral de normalización.
- Ampliar o campo do uso da lingua galega no currículo escolar.

RECURSOS QUE SE VAN UTILIZAR

- | | |
|-----------------------|----------------------------------|
| - O profesorado | - Plastificadora |
| - O alumnado | - Encadernadora |
| - A biblioteca | - A disposición do concello |
| - Aula de informática | - Asociacións culturais da zona, |
| - Aula de vídeo | país, nais... |

MEDIDAS QUE SE PENSAN TOMAR PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, AS FAMILIAS E A COMUNIDADE

- Informar os pais dos obxectivos do Plan xeral de normalización e do proxecto de innovación e da necesidade da súa implicación para acadar os ditos obxectivos.
- Motivar os rapaces, valorando primeiro a expresión oral en todos os contextos posibles.
- Informar as institucións, sobre todo da zona, enviándolles o proxecto e solicitándolles colaboración cando sexa posible.

PLAN DE AVALIACIÓN

- En cada trimestre farase unha avaliación para ver a evolución do proxecto e facer as posibles reconducións deste.

ACTIVIDADES PRINCIPAIS OU DE INNOVACIÓN

- 1) Elaboración de actividades informáticas en Java Clic ou noutros programas se chegásemos a dominalos (Ardora etc.).
- 2) Elaboración de diferentes vídeos.
- 3) Dobraxa de películas (debuxos animados).

A primeira parte comezaría cun **curso** por parte do coordinador onde explicaría o manexo do programa Java Clic. A aprendizaxe faríase traducindo algunhas actividades feitas xa noutras linguas.

1) Elaboración de actividades Java Clic: estas faríanse en varias partes, **a primeira** sería basicamente a que traballariamos neste curso. Nela levaríanse a cabo:

- **A) Actividades específicas** da zona (os lugares ou aldeas que abastecen o noso colexio: Escusa, Pereiro, Combarro, Sartal, Ucha, Arís, Vilariño, Casalvito, Sabugueiro, Esperón...).
- **B) As das parroquias do Concello de Poio** (San Xoán, San Salvador, Samieira, Raxó, Armenteira).
- **C) Actividades complementarias por temas:** refráns, frases feitas, adiviñas, trabalinguas etc.

Nestas actividades recolleranse os aspectos máis salientables dos lugares: poboación, situación, ríos, muíños, contos, lendas, gastronomía, artesanía, toponimia, xogos etc.

Xunto a estas realizaranse outras máis sinxelas, que se farán tamén en Java Clic e que serán das xurdidas entre os traballos das mascotas do curso, das cabzas do Samaín, do Nadal, edición de libros etc.

A segunda parte consistiría en traballar aspectos máis globais de toda a zona costeira, dende Poio ata O Grove, que é a zona de máis influencia do colexio, pero que sería para traballar despois de rematar a primeira parte.

2) Elaboración de vídeos, videoclips musicais, presentacións

- Vídeos con traballos do curso.
- Videoclips musicais de cancións tradicionais, dos himnos de Poio, do Correlingua, de Galicia...
- Outros tipos de presentación (Power Point...).

Recompilar os últimos traballos feitos con valor normalizador e presentalos en soporte informático.

3) Dobraxo de películas (debuxos animados), probando distintos programas informáticos (Movie Maker, Pinnaquer etc.).

Xúntase un modelo de actividades secuenciadas durante o curso, das cales se utilizarán algunhas para actividades clic, vídeos e presentacións.

ACTIVIDADES SECUENCIADAS DURANTE O CURSO		
ACTIVIDADES	TEMPORIZACIÓN	OBXECTIVOS
Informar do proxecto a toda a comunidade educativa. Solicitar ou facer un curso de formación do profesorado para o centro de lingua galega e de ferramentas informáticas.	Setembro	<ul style="list-style-type: none">- Dar a coñecer os obxectivos para unha mellor aceptación e implicación de toda a comunidade educativa.- Coñecer e dominar mellor a nosa lingua, vendo especialmente os últimos cambios que se produciron no centro.
Elaborar unha enquisa para medir o posible grao de participación e analizar de entrada a situación do galego en de toda a comunidade educativa.	Setembro Outubro	<ul style="list-style-type: none">- Coñecer ben a situación en que estamos con respecto ao galego e saber por parte de todo o profesorado o grao de implicación, pois en setembro incorpóranse novos compañeiros.- Repartir os traballos entre o profesorado implicado.

Debuxo, mascota e lema da escola.	Setembro	- Fomentar o uso do galego a través dos lemas.
Facer adhesivos coa mascota gañadora.	Outubro	- Concienciar os rapaces e rapazas da necesidade de falar a lingua para que non desapareza.
Samaín e Magosto: recollida, debuxos, receitas etc. sobre as cabazas e castañas.	Outubro	- Dar a coñecer as tradicións e costumes a través de lecturas, traballos, debuxos e recollida de cabazas.
	Novembro	- Vivir esta data como propia da cultura galega asando e comendo castañas, participando nos xogos tradicionais, facendo debuxos...
		...
Concurso tarxetas: enviarlle a felicitación coa tarxeta gañadora. Facer un calendario cunha das mascotas gañadoras.	Nadal	- Participar nestas datas dun ambiente galego, facendo as mensaxes na nosa lingua. - Facer, como norma, o envío de mensaxes con sentimento en galego, pois a lingua tamén é iso, un sentimento que nos une como pobo.
Día da Paz	Xaneiro	- Utilización do vocabulario relacionado coa non violencia mediante cancións, slogans.
Entroido	Febreiro	- Participar nas festas tradicionais. - Habituarse os nenos a facer crítica construtiva coas coplas, cancións etc. - Este ano, utilización do vocabulario relacionado cos personaxes dos contos clásicos
Día da Poesía	Marzo	- Elaborar, recitar e escenificar poesías, contos, cancións... sobre todo en galego.
Concurso Xaime Isla Couto	Marzo	- Crear, inventar contos ou calquera tipo de narracións en galego. - Dar a coñecer este importante persoeiro como galeguista que foi. - Participar nas actividades que se celebren no contorno.
Festa dos Maios	Abril - Maio	- Elaborar coplas e traballar a súa rima. - Aumentar o coñecemento da flora do contorno respectando e coidando o medio.
Correlingua	Maio	- Concienciar e vivir con outros colexios a nosa lingua, ampliando o vocabulario por temas, cantando o himno do Correlingua e participando na elaboración do manifesto.
Letras Galegas	Maio	- Coñecer o labor pola lingua galega do homenaxeado. - Traballar a súa obra. - Dar a coñecer o sentido desta celebración.
San Xoán	Xuño	- Colaborar coas festas patronais participando no concurso de carteis
Xornal escolar	Xuño	- Expoñer no xornal todos os traballos feitos durante o curso con implicación da nosa lingua e dar un exemplar a toda a comunidade educativa.
Saídas ao contorno	Durante o	- Coñecer o contorno máis próximo. A medida que

	curso	subimos de nivel, amplíase a zona.
Teatro Entrega do material elaborado á comunidade educativa	Xuño	- Intercambio teatral entre os colexios da zona - Dar a coñecer os resultados do proxecto durante o curso.

Outras actividades non secuenciadas:

- Edición dos posibles contos que vaian xurdindo.
- Recollida de refráns, adiviñas, xogos, receitas para a posible elaboración dun libro coas tradicións da zona.
- Colaboracións con todas as actividades que nos propoñan dende as distintas institucións (concello, asociacións culturais, ANPA etc.).
- Divulgar os traballos e o proxecto en xeral noutros centros para que os obxectivos se poidan acadar mellor na zona.

As actividades, por suposto, serán flexibles no tempo.

PROFESORADO IMPLICADO:

COORDINADOR: Antonio Ferrer Moreira

PARTICIPANTES NO PROXECTO:

M.^a Luisa Bóveda García
 Juan José Fernández Prol
 Elena Ruíz Sales
 Asunción Goitia Paisa
 M.^a Carmen Losada Andreu
 Teresa Celia Inés Crespo Brea
 M.^a Carmen Fernández Sixto
 Roberto Maquieira García
 Celia Ayude Val
 M.^a Dolores Ramiro Fernández
 M.^a Pilar Gamalo Ugarriza
 Ramón Pazos Solla